

Nova Comisión de selección Convocatoria Pública 10/2023

Con data 02 de outubro de 2023, publicouse a Resolución 10/2023, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convoca concurso público de méritos, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i que figuran no anexo á convocatoria, a través do procedemento de contratación ordinaria (CSV: **851E-FB11-467D-BB13**).

A convocatoria de contratación establece os “órganos de selección, ao abeiro do artigo 5 do *Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i*, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2019, son a Comisión Permanente, cuxa composición e funcións se recollen no seu artigo 6, e as Comisións Especializadas de Selección”.

Tendo en conta o establecido no artigo 17.3 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e visto o escrito presentado por D. José Benlliure Anaya, no que comunica a renuncia por causa xustificada de D^a Dolores Cortina Gil

Esta Xerencia resolve aceptar a renuncia de **D^a Dolores Cortina Gil** e proceder súa substitución, quedando a actual composición das Comisións de selección da praza como segue:

REFERENCIA DA PRAZA 2022-LU183

Nº solicitude: 2023/ C10M04

Presidente/a: BENLLIURE ANAYA, JOSÉ FERNANDO

Secretario/a: **FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, BEATRIZ**

Vogal: AYYAD LIMONGE, FRANCES YASSID

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

(Resolución do 26/09/2023, DOG 05/10/2023)

O xerente

Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 06/11/2023 14:53:33.

CSV: 888C-527F-476D-B1A7